

Orixinariamente, cando se inician os procesos de creación de sistemas de comunicación entre as diversas tribus que poboaban a terra, non podemos pensar que habería unha única lingua, senón máis ben diferentes códigos máis ou menos desenvolvidos, pertencentes a cada grupo. Coa dispersión xeográfica produciríase unha maior dialectalización e xurdiron máis linguas. Todas as linguas que coñecemos son descendentes doutras linguas anteriores, que á súa vez proceden doutras.

As linguas pódense agrupar en familias. As familias de linguas están formadas por todas aquelas que teñen un tronco común. As linguas indoeuropeas son faladas pola metade da poboación mundial; desa familia derivan máis de mil linguas. A familia chinés-tibetana inclúe linguas que falan a quinta parte da poboación mundial. Outras familias son a camito-semítica, a malaio-polinésica, a africana, etc.

O indoeuropeo é o conxunto de idiomas que se estenderon entre a India e o oeste de Europa. O tronco indoeuropeo comprende doce grupos de linguas. Entre eles está o itálico, do que derivan as linguas románicas. Algunhas das linguas que procedían do Indoeuropeo son hoxe en día linguas mortas (como o latín), que deixaron as súas linguas herdeiras. Á familia indoeuropea pertencen as ramas das linguas: xermanas, célticas, románicas, eslavas, gregas e bálticas. En Europa unicamente non pertencen a esta rama o éuscaro, o maxiar, o finés e o turco.

Do latín que o Imperio Romano estendeu por toda Europa derivan as linguas romances, románicas ou neolatinas. A esta rama pertencen todas as da Península excepto o éuscaro.

En canto á situación sociolingüística de cada lingua, as posibilidades, entre as seis ou sete mil linguas que se considera que existen hoxe no mundo, son moi dispares. Hai linguas sen estado (propias de territorios sen independencia política, como o bretón, o galego, etc.), entre as linguas con estado, hainas que son oficiais unicamente nun país ou que o son en máis de un (portugués, español, etc.). Os estados unilingües son unha excepción (Islandia e o Vaticano, por exemplo).

Nos países plurilingües aplícanse distintas políticas lingüísticas en relación á protección e presenza das linguas copresentes nunha sociedade nun mesmo territorio: hai países que só recoñecen unha única lingua oficial (Francia), países en que cada lingua é oficial nunha parte do territorio (Suíza, Bélxica), ou unha única lingua oficial en todo o territorio e outras cooficiais nos respectivos territorios (España). En Gran Bretaña hai unha certa tolerancia co galés, igual ca nos Países Baixos co frisón. En Dinamarca o feroés e o groenlandés teñen recoñecemento oficial nos seus territorios respectivos. En cambio noutros casos todo o país é oficialmente bilingüe: irlandés (ou gaélico) e inglés en Irlanda; ou finés e sueco en Finlandia.